

EDUCATEO I

Feira do San Martiño



Guía didáctica + CDrom

Este material contén unha guía didáctica para o profesorado e un CDrom coas actividades multimedia para o alumnado dos tres ciclos de educación primaria.



Concello de Teo

Material educativo multimedia

Novembro 2011

CRÉDITOS

Unidade didáctica e material multimedia elaborados por:
María Carmen Álvarez Garea. Concelleira de Educación

Documentación:
Pablo Sanmartín López. Arquivo Municipal

Supervisión lingüística:
Carme Hermida Gulías. Concelleira de Cultura, Patrimonio e Normalización
Lingüística
I

Colaboración:
José Francisco Nanín Castro
Benxamín Salgado Gómez

Material multimedia deseñado coa ferramenta libre de autor EDILIM creada por Fran Macías. (No caso de que o CD non se execute automaticamente, premer sobre o arquivo index.html)

Baixo licenza “Creative Commons”



LIMIAR

Todos os pobos posúen as súas propias manifestacións culturais e artísticas que se van expresando en forma de costumes e tradicións. Estas tradicións son necesarias porque dan continuidade á forma de vida e á sociedade e permiten identificarnos como pertencentes a un grupo, unha comunidade, unha colectividade. A escola debe ver a relación entre tradición e modernidade como algo fecundo, como un proceso vivo que axude a desenvolver o sentido de pertenza, de identidade e de respecto polo outro.

O traballo coas celebracións tradicionais na escola pode converterse, xa que logo, nun xeito de promoción de competencias sociais, de valoración da cultura e das culturas, de contribución ao desenvolvemento psicosocial harmonioso para persoas que viven nun contexto de globalización onde a aceptación e respecto da diferenza supón unha competencia esencial para unha cidadanía auténtica. Retomando o contacto coas tradicións achegámoslles aos nenos e nenas experiencias fundamentais de identificación social e cultural e imos ao encontro dos seus intereses, ofrecéndolles un primeiro paso para fortalecer as identidades persoais e sociais; coñecendo o mundo dos nosos devanceiros podemos atopar mellor o noso.

No sistema democrático actual a educación representa unha responsabilidade ineludible para toda a sociedade e, por suposto, para as administracións públicas. Os beneficios dun sistema educativo eficiente reverten a curto prazo na calidade de vida dos cidadáns e, a medio e longo prazo, na mellora da sociedade en xeral.

Desde o Concello de Teo queremos iniciar unha nova andaina coa publicación de materiais específicos para o aproveitamento didáctico do contorno. Pretendemos incentivar deste xeito o traballo do profesorado a través de programas educativos que fomenten unha acción educativa concibida como coñecemento e transformación dinámica das tradicións populares, recollendo a súa historia, reconstruíndo as súas vivencias e revitalizando a súa celebración.

Martíño Noriega Sánchez

Alcalde de Teo

EDUCATEO I

A FEIRA DO SAN MARTIÑO.

MATERIAL EDUCATIVO MULTIMEDIA

POR QUE A FEIRA DO SAN MARTIÑO?

Durante séculos as feiras e romarías foron o lugar de encontro interparroquial máis concorrido e apreciado polos galegos e galegas. Acudíase á feira para mercar e vender pero tamén para fachendear, rexoubar, troulear, mocear e comer.

A feira do San Martiño é unha das tradicións máis antigas do noso concello: consérvase documentación do ano 1593 que xa fala dela. Esta feira, que se celebra cada 11 de novembro na carballeira de Vilar de Francos, aínda mantén o seu carácter tradicional: véndese e cómprase gando, neste caso cabalar, coméciase con produtos de temporada - noces e castañas- ou de elaboración caseira –mel e queixo- e con obxectos para as bestas, para labores agrícolas e tamén para o vestido e adorno corporal das persoas. E aínda hoxe un dos costumes que a veciñanza de Teo e do contorno non perde é o de acudir á carballeira a comer o polbo.



POR QUE A TRAVÉS DAS FERRAMENTAS TIC?

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. O sistema educativo non debe quedar á marxe dos cambios sociais, polo que a incorporación das novas tecnoloxías ten que ser feita baixo a perspectiva de favorecer as aprendizaxes e facilitar os medios que sustenten o desenvolvemento dos coñecementos e competencias necesarias para a integración social e profesional de calidade. Debe tamén evitar que a fenda dixital xere capas de marxinación como resultado da analfabetización dixital.

O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia recolle como unha das finalidades da etapa que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento, esencial para informarse, aprender e comunicarse.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar a concienciación de toda a comunidade educativa da riqueza que supón posuír unha cultura de noso e da responsabilidade de mantela viva.
- Coñecer, valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre todos eles.
- Coñecer e valorar a feira do San Martiño como unha das principais tradicións do noso concello.

PARA O ALUMNADO

- Recoñecer, valorar e apreciar a existencia de identidades sociais e culturais diversas con características propias e singulares (costumes, lingua, intereses, celebracións...), tomando conciencia da súa pertenza a unha delas.
- Mellorar o coñecemento sobre o propio concello, as súas tradicións e principais lugares de interese.
- Participar activamente no traballo de grupo planificando e realizando tarefas conxuntas, dialogando e argumentando as propias opinións e contrastándoas coas das outras persoas.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo.
- Iniciarse na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- Traballar en ámbitos colaboradores cos compañeiros.

PARA O PROFESORADO

- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula.

- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.

COMPETENCIAS BÁSICAS

No anteriormente mencionado Decreto 130/2007 fálase de competencia como *a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas*. Parécenos este proxecto unha ocasión inmejorable de facelo xa que contribúe ao desenvolvemento de todas elas:

- **Competencia lingüística** xa que fomenta o establecemento de vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno. Implica tamén a capacidade de ler, de escoitar, de analizar e de ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico.
- **Competencia matemática** porque as actividades propostas implican a utilización de determinados procesos de pensamento (indución e dedución).
- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** xa que fomenta a percepción do contorno natural, social e cultural e a conservación dos seus recursos así como o desenvolvemento e aplicación do pensamento científico-técnico para interpretar a información que se recibe.
- **Competencia dixital** a través da utilización das ferramentas TIC como elemento esencial para informarse, aprender, comunicarse e desenvolver o espírito colaborador. Supón tamén afianzar o dominio de linguaxes específicas básicas e manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de software e de hardware que vaian xurdindo.
- **Competencia social e cidadá** xa que axuda a comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática

nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora.

- **Competencia cultural e artística** porque fomenta o coñecemento das nosas manifestacións culturais e artísticas, a adquisición dunha actitude de respecto ante elas e o interese por participar na vida cultural da comunidade, contribuíndo á súa conservación.
- **Competencia para aprender a aprender** xa que axuda ao desenvolvemento das técnicas que entran en xogo na aprendizaxe (atención, concentración, memoria, comprensión e expresión lingüística).
- **Competencia en autonomía e iniciativa persoal** axudando á aplicación dun conxunto de valores a actitudes persoais como a responsabilidade, perseveranza, autoestima, creatividade e autocrítica.



CONTIDOS PRIMEIRO CICLO

- Descubrimiento e observación das manifestacións e do patrimonio cultural propio como mostra de diversidade e riqueza.
- Coñecemento dos principais sinais de identidade do concello de Teo: a súa historia e símbolos, as parroquias, lugares de interese e a feira do San Martiño.
- Participación en festas e costumes populares propios da localidade e da bisbarra.
- Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián e integración de coñecementos e informacións procedentes de diferentes soportes textuais para aprender, identificando, clasificando e comparando.
- Iniciación ao uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.
- Iniciación no uso básico do ordenador. Coidado dos recursos informáticos.

CONTIDOS SEGUNDO CICLO

- Identificación das manifestacións culturais do contorno, recoñecendo a súa evolución no tempo e valorándoas como elementos de cohesión social. Recoñecemento de costumes, de tradicións e de trazos diferenciais do patrimonio galego.
- Coñecemento dos principais sinais de identidade do concello de Teo: a súa historia e símbolos, as parroquias, lugares de interese e a feira do San Martiño.
- Participación en festas e costumes populares propios da localidade e da bisbarra.
- Utilización de fontes de información escrita, dixital e audiovisual para a obtención, selección e contraste de información sobre aspectos da realidade local e comunicación dela a través de diferentes soportes (visuais, auditivos, dixitais, escritos...)

- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.
- Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.

CONTIDOS TERCEIRO CICLO

- Identificación das manifestacións culturais do contorno, recoñecendo a súa evolución no tempo e valorándoas como elementos de cohesión social. Recoñecemento de costumes, de tradicións e de trazos diferenciais do patrimonio galego.
- Valoración e respecto polo patrimonio histórico e cultural como fonte de información do pasado e como signo de identidade.
- Coñecemento dos principais sinais de identidade do concello de Teo: a súa historia e símbolos, as parroquias, lugares de interese e a feira do San Martiño.
- Identificación e utilización de fontes orais, dixitais, audiovisuais e escritas de xeito progresivamente máis autónomo para informarse sobre aspectos do contorno próximo e do mundo analizando criticamente as informacións.
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.
- Utilización de recursos sinxelos proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicar conclusións sobre os traballos realizados, para elaborar informes, para buscar información e para colaborar.
- Valoración e uso responsable das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.



ACTIVIDADES

Desenvolvemento dun paquete de actividades coa ferramenta libre de autor EDILIM, repartido en tres arquivos, un para cada ciclo de Educación Primaria. Inclúense propostas dos seguintes tipos:

- Información axeitada a cada ciclo sobre o concello de Teo, a feira do San Martiño e o seu contorno.
- Ordenar frases
- Ortografía
- Completar palabras
- Completar frases
- Quebracabezas
- A palabra escondida
- Respostas múltiples
- Emparellar imaxes
- Sopas de letras

- Xogos de memoria
- Arrastrar imaxes e textos
- Ditado
- Esquemas
- Colocar etiquetas
- Raios X
- Reloxo
- Completar textos

DOCUMENTACIÓN PARA AS ACTIVIDADES

O CONCELLO DE TEO

- **Historia e creación:** O concello de Teo aparece con ese nome nun documento do ano 1834 (ata daquela denominábase concello de Oza), aínda que non se constituíu de xeito efectivo ata o 13 de setembro de 1836. Quedou integrado por 12 parroquias e a súa capital pasou por diferentes lugares do municipio: Chaves (Lucí), Campos (Teo), Igrexa (Luou), Cacheiras, ata emprazarse na Ramallosa desde o ano 1925.
- **Parroquias:** Teo, Lampai, Luou, Calo, Recesende, Cacheiras, Oza, Lucí, Bamonde, Vilariño, Rarís, Reis e os Tilos (creada en 1993).
- **Concellos limítrofes:** Santiago, Vedra, A Estrada, Padrón, Rois, Brión, Ames.
- **Escudo.** Simboloxía
 - 13 vieiras: a vieira simboliza a proximidade con Compostela e co camiño e as lendas xacobeas. O número débese ás 13 parroquias.
 - Sabres cruzados: simbolizan a Batalla de Cacheiras.
 - Unha ponte: pola pontes de Francos e Pontevea.



A FEIRA DO SAN MARTIÑO

- Feira de compra e venda de gando cabalar e doutros produtos para o gando, maquinaria agrícola e produtos da época do agro. Celébrase cada 11 de novembro na carballeira de Francos, na parroquia de Calo, e asisten cada ano entre 5000 e 6000 persoas.
- **Orixe e historia da festa.** Documentos relevantes
 - Ano 1593: Ano do primeiro documento atopado que fala da feira. É un documento onde se reclama un imposto ou “alcabala” pola venda de gando cabalar na feira.
 - Ano 1750: Cítase a feira nun documento de elaboración dun rexistro para o pago de impostos.
 - Ano 1850: O xeógrafo Pascual Madoz no seu dicionario xeográfico-histórico recolle que Calo celebra a Feira do San Martiño o 11 de novembro.

- Ano 1873: O xornal *La Voz de Galicia* faise eco da concorrencia de público á estación de Osebe o 11 de novembro para ir á feira do San Martiño e de que se consumía polbo, empanadas e tortilla.



- Ano 1931: Documento conservado no arquivo municipal no que se acorda nomear unha comisión que organice os postos.
- Ano 1932: No xornal *El Compostelano* falase do xentío que acudía ao mercado con chabolas, alpendres, tendas de lona e madeira para as vendas de poldras, mulas e cabalos. Fala tamén do baile, funcións de teatro, equilibristas e trapevistas, e rifas.
- Ano 1972: Un informe do Ministerio de Agricultura recolle que o número de équidos é de 630, moito maior que en calquera outra feira.



O CONTORNO

- **A Rúa de Francos e o Camiño Real.** A denominación do lugar como Rúa indícanos a súa importancia pasada como vía de comunicación e a voz Francos fai referencia á etnia xermánica dos francos, que exerceron importantes actividades comerciais ao longo do Camiño Portugués.

Por este lugar pasaba unha vía secundaria romana que unía Iria con Compostela. Sobre esa vía construíuse o Camiño Real do que aínda se conserva en bastante bo estado un tramo empedrado duns 150 metros.

- **Cruceiro gótico de Francos.** Cruceiro do século XIV que sinalaba a antiga vía da ruta da peregrinación. É unha cruz gótica levantada a apoiada sobre unha pedra. A composición deste cruceiro de granito é dunha pedra basta sen labrar, dun pedestal e un varal cuadrangular. Non dispón de capitel e finalmente ten unha cruz rectangular onde se atopa a imaxe en releve do Cristo crucificado con tres cravos e as mans abertas. Ten a cabeza ladeada cara a dereita e sobre a cabeza ten unha coroa de espiñas. En ambos os dous lados ten unha imaxe dun peregrino, unha mellor conservada que a outra. Na parte de atrás non existe releve. Esta cruz debuxouna Castelao no seu libro *As cruces de Pedra na Galiza*.
- **Igrexa do Espírito Santo.** A carón do Camiño de Santiago atópase esta pequena capela do século XVII levantada en pedra de cantería e dedicada ao Espírito Santo. Foi construída utilizando os materiais dunha antiga igrexa románica que se atopaba no mesmo lugar. No seu interior atópanse varias imaxes e unha pía baptismal en forma de cuncha. Fronte á capela hai un cruceiro de traza barroca do 1701 cun alto pedestal rematado por unha cruz con dúas imaxes, un cristo e unha virxe.



- **Ponte de Paradela ou de Francos.** Antiga ponte romana sobre o río Tinto, composta por pedras de granito que forman un arco. Parece que a ponte actual é da época medieval e é moi probable que formara parte dos camiños de peregrinación a Compostela e das rutas de comercio antigo. Divide os concellos de Teo e Brión.
- **Castro Lupario.** Atópase entre os concellos de Teo, Brión e Rois. O castro Lupario, ou da raíña Lupa, coñecida, sobre todo, pola súa achega á tradición xacobeá, é o primeiro asentamento humano de relevancia do contorno do que se ten constancia. É de fácil acceso e poden verse restos das murallas. Aínda que administrativamente pertence a Brión e Rois, ten moita importancia para o noso concello porque neste castro situouse segundo os historiadores a capital dos “amaeos” (os habitantes da Maía).

Segundo conta a lenda, os discípulos do apóstolo acudiron a este lugar na busca dun lugar para soterralo. Solicitáronlle á raíña Lupa axuda para transportar os restos do santo e a raíña indicoulles onde atopar uns bois

para tirar do carro, que resultaron ser bravos. Por acción divina, os bois amansaron e os discípulos puideron transportar o corpo do apóstolo ata o que sería o seu enterramento en Compostela. A raíña, que era pagá, ao ver o prodixio dos bois, converteuse ao cristianismo.

- **Cine Garpeni.** No que hoxe é unha nave comercial asentouse un dos primeiros cines que existiu en toda a contorna, que funcionou desde o ano 1940 ata principios dos anos setenta.

